

Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia

Datos correspondentes ao ano 2025

Resumo de resultados 13/03/2026

ÍNDICE

Principais resultados	1
Introdución	1
Persoas propietarias e fianzas segundo o tipo de persoa e tipo de alugueiro	2
Características das persoas propietarias de vivendas en alugueiro: persoas físicas residentes en Galicia	3
Persoas inquilinas e fianzas segundo o tipo de persoa e tipo de alugueiro	7
Características das persoas inquilinas de vivendas en alugueiro: persoas físicas residentes en Galicia	8
Definicións, fontes e máis información	12

Principais resultados

- A 31 de decembro de 2025, en Galicia hai 161.650 fianzas activas. Estas fianzas corresponden a 119.793 persoas propietarias e 211.352 persoas inquilinas.
- As persoas propietarias teñen unha idade media de 61,6 anos, fronte aos 43 anos das persoas inquilinas.
- O 50,5% das persoas propietarias residentes en Galicia están afiliadas á Seguridade Social e mutualidades e o 35,4% perciben unha pensión contributiva da Seguridade Social.
- O 77,7% das persoas inquilinas residentes en Galicia están afiliadas á Seguridade Social e mutualidades.

Introdución

A [Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia](#) é unha actividade estatística elaborada polo Instituto Galego de Estatística (IGE), en colaboración co Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), con periodicidade anual.

A información difundida procede das fianzas de alugueiro de vivenda depositadas e activas no IGVS a 31 de decembro de cada ano, combinadas coa Base de datos Sociodemográfica dispoñible no IGE.

O obxectivo desta actividade é analizar as características socioeconómicas das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia.

Cómpre sinalar que cada fianza depositada no IGVS pode incluír máis dunha persoa propietaria, mesmo de distinta tipoloxía, así como máis dunha persoa inquilina.

Persoas propietarias e fianzas segundo o tipo de persoa e tipo de alugueiro

A 31 de decembro de 2025 hai en Galicia 161.650 fianzas activas, nas que figuran como propietarias 119.793 persoas. Delas, o 97,0% son persoas físicas e o 3,0% persoas xurídicas.

As persoas físicas residentes en Galicia, colectivo que se analiza no seguinte apartado, representan o 81,1% do total de persoas propietarias. No ámbito das persoas xurídicas, o grupo máis numeroso é o das sociedades limitadas, que supón o 2,0% do total.

En termos de número de fianzas, destacan os organismos públicos e outras entidades públicas, que figuran como propietarios no 2,0% das fianzas activas a 31 de decembro de 2025.

Os propietarios teñen una media de 1,3 fianzas por persoa no caso das persoas físicas, e ascende a 5 no caso das persoas xurídicas.

Persoas propietarias e fianzas segundo tipo de persoa. Ano 2025

Unidade: número, porcentaxe e media

Tipo de persoa propietaria	Número de persoas propietarias	Porcentaxe de persoas propietarias	Número de fianzas	Porcentaxe de fianzas	Número medio de fianzas por persoa propietaria
Total	119.793	100,00	161.650	100,00	1,35
Persoa física	116.167	96,97	152.176	94,14	1,31
Residente en Galicia	97.145	81,09	129.302	79,99	1,33
Residente fóra de Galicia	14.584	12,17	18.869	11,67	1,29
Morto	4.438	3,70	6.514	4,03	1,47
Persoa xurídica	3.626	3,03	18.202	11,26	5,02
Sociedade limitada	2.369	1,98	10.675	6,60	4,51
Sociedade anónima	148	0,12	928	0,57	6,27
Comunidades de bens	802	0,67	2.799	1,73	3,49
Asociacións e fundacións	42	0,04	202	0,12	4,81
Entidade relixiosa	18	0,02	153	0,09	8,50
Organismos Públicos e outras Entidades Públicas	19	0,02	3.156	1,95	166,11
Outro tipo de sociedades	228	0,19	359	0,22	1,57


Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia ([descarga da táboa](#)).

Nota: unha mesma fianza pode incluír máis dunha persoa propietaria e clasifícase en tantas categorías como tipos de persoas propietarias diferentes presentes

Se se analiza o tipo de alugueiro (habitual ou de tempada), obsérvase que o 95,6% das persoas propietarias teñen rexistradas as vivendas como alugueiro de vivenda habitual, o 3,2% teñen rexistradas as vivendas como alugueiro de tempada e o 1,2% restante posúe propiedades de ambos tipos.

Distribución das persoas propietarias segundo o tipo de alugueiro. Ano 2025

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia ([descarga da táboa](#)).

Características das persoas propietarias de vivendas en alugueiro: persoas físicas residentes en Galicia

Neste apartado analízanse as características socioeconómicas das persoas físicas residentes en Galicia que son propietarias de, polo menos, unha vivenda en alugueiro na Comunidade Autónoma.

No ano 2025, contabilízanse 97.145 persoas físicas residentes en Galicia propietarias de vivendas en alugueiro. Delas, o 52,3% son mulleres. A idade media deste colectivo sitúase en 61,6 anos; 60,9 anos no caso dos homes e 62,2 anos no das mulleres.

Persoas físicas residentes en Galicia propietarias de vivendas en alugueiro segundo o sexo. Ano 2025

Unidade: número, porcentaxe e idade media


Sexo	Número	Porcentaxe	Idade media
Total	97.145	100,00	61,6
Homes	46.324	47,69	60,9
Mulleres	50.821	52,31	62,2

Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia ([descarga da táboa](#)).

A distribución territorial das persoas propietarias de vivendas en alugueiro é semellante á da poboación galega no seu conxunto. A súa presenza concéntrase na franxa costeira das provincias atlánticas e nas capitais provinciais, así como en Santiago de Compostela e Vigo. As provincias occidentais, especialmente nas áreas costeiras do sur da Comunidade Autónoma, rexistran unha maior concentración de persoas propietarias de vivendas en alugueiro, mentres que a parte oriental de Galicia, caracterizada por un maior grao de ruralidade e despoboamento, presenta cifras máis reducidas.

Distribución das persoas físicas propietarias de vivendas en alugueiro segundo o concello de residencia. Ano 2025

Unidade: persoas




Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia ([descarga da táboa](#)).

O 53,4% das persoas propietarias de vivendas en alugueiro residen no mesmo concello no que se localiza a vivenda que teñen en alugueiro.

Distribución das persoas físicas propietarias residentes en Galicia segundo residen ou non no concello da vivenda en alugueiro. Ano 2025

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia ([descarga da táboa](#)).

Nota: considerárase que unha persoa propietaria reside nun concello distinto ao da vivenda en alugueiro cando, polo menos, unha das vivendas que aluga está situada nun concello diferente ao de residencia da persoa

Persoas físicas residentes en Galicia propietarias de vivendas en alugueiro segundo a relación coa actividade económica. Ano 2025

Unidade: número e idade media

Relación coa actividade	Número	Idade media
Total	97.145	61,6
Poboación afiliada á SS e mutualidades	49.043	51,2
Poboación parada rexistrada	1.833	55,1
Poboación pensionista	34.436	75,1
Resto	11.833	66,4


Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia ([descarga da táboa](#)).

O grupo máis numeroso de persoas físicas residentes en Galicia propietarias de vivendas en alugueiro é o das persoas afiliadas á Seguridade Social e mutualidades: 50,5% do total. A súa idade media é de 51,2 anos.

O segundo grupo máis numeroso é o das persoas que perciben unha pensión contributiva da Seguridade Social: 35,4% do total, cunha idade media de 75,1 anos.

Distribución segundo a relación coa actividade económica das persoas propietarias de vivendas en alugueiro residentes en Galicia. Ano 2025

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia ([descarga da táboa](#)).

As persoas físicas propietarias de vivendas en alugueiro que perciben unha pensión contributiva da Seguridade Social, segundo colectivo máis numeroso, reciben unha pensión media de 1.487,2 euros mensuais.

A táboa seguinte presenta os importes medios das pensións contributivas segundo o réxime de cotización anterior das persoas propietarias que perciben esta prestación.

O importe medio máis elevado rexístrase entre as persoas pensionistas que cotizaron no réxime xeral (sen considerar a categoría "Outros"), cunha pensión media de 1.702,7 euros mensuais. Esta contía é un 61,2% superior á correspondente ás persoas que cotizaron no réxime de autónomos.

Persoas físicas residentes en Galicia propietarias de vivendas en alugueiro que perciben unha pensión contributiva da Seguridade Social segundo o réxime de cotización anterior. Ano 2025

Unidade: número, porcentaxe e media

Réxime de cotización anterior	Número	Idade media	Propiedades medias	Importe medio da pensión
Total	34.436	75,1	1,6	1.487,2
Réxime xeral	21.070	74,5	1,4	1.702,7
Autónomos	11.389	76,6	1,8	1.056,3
Traballadores do mar	1.306	75,5	1,5	1.650,0
Outros	671	68,5	1,3	1.717,2

Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia ([descarga da táboa](#)).

Persoas inquilinas e fianzas segundo o tipo de persoa e tipo de alugueiro

A 31 de decembro de 2025 había 211.352 persoas ou entidades inquilinas de vivendas en alugueiro. O 97,9% eran persoas físicas e o 2,1% eran persoas xurídicas. As persoas físicas residentes en Galicia representan o 86,4% do total de inquilinas.

Persoas inquilinas e fianzas segundo tipo de persoa inquilina. Ano 2025

Unidade: número, porcentaxe e media

Tipo de persoa inquilina	Número de persoas inquilinas	Porcentaxe de persoas inquilinas	Número de fianzas	Porcentaxe de fianzas	Número medio de fianzas por persoa inquilina
Total	211.352	100,00	161.650	100,00	0,76
Persoa física	206.866	97,88	158.468	98,03	0,77
Residente en Galicia	182.507	86,35	142.582	88,20	0,78
Residente fóra de Galicia	22.625	10,70	20.060	12,41	0,89
Morto	1.734	0,82	1.752	1,08	1,01
Persoa xurídica	4.486	2,12	4.337	2,68	0,97
Sociedade limitada	677	0,32	920	0,57	1,36
Sociedade anónima	236	0,11	272	0,17	1,15
Comunidades de bens	109	0,05	98	0,06	0,90
Asociacións e fundacións	115	0,05	242	0,15	2,10
Entidade relixiosa	22	0,01	46	0,03	2,09
Organismos Públicos e outras Entidades Públicas	57	0,03	82	0,05	1,44
Outro tipo de sociedades	3.270	1,55	2.698	1,67	0,83


Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia ([descarga da táboa](#)).

Nota: unha mesma fianza poder incluír máis dunha persoa inquilina e clasifícase en tantas categorías como tipos de persoas inquilinas diferentes presente

Se se analiza a clasificación segundo tipo de alugueiro, obsérvase que o 5,4% das persoas inquilinas teñen a vivenda arrendada na modalidade de alugueiro de tempada.

Distribución das persoas inquilinas segundo o tipo de alugueiro. Ano 2025

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia ([descarga da táboa](#)).

Características das persoas inquilinas de vivendas en alugueiro: persoas físicas residentes en Galicia

No ano 2025, hai en Galicia 182.507 persoas físicas inquilinas de vivendas en alugueiro que residen na Comunidade Autónoma. Delas, o 52,7% son mulleres.

A idade media das persoas inquilinas sitúase en 43,0 anos: 43,3 anos no caso dos homes e 42,6 anos no das mulleres.


Persoas físicas residentes en Galicia inquilinas de vivendas en alugueiro segundo o sexo. Ano 2025

Unidade: número, porcentaxe e idade media

Sexo	Número	Porcentaxe	Idade media
Total	182.507	100,00	43,0
Homes	86.341	47,31	43,3
Mulleres	96.166	52,69	42,6

Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia ([descarga da táboa](#)).

Se se compara o concello de residencia da persoa inquilina co concello no que se localiza a vivenda arrendada, obsérvase que o 71,2% das persoas inquilinas residen no mesmo concello que o da vivenda que alugan. Mentres que o 28,8% das persoas inquilinas residen nun concello distinto ao da vivenda que alugan, destas o 16,1% alugan unha vivenda de tempada e o 83,4% unha vivenda habitual.


Distribución das persoas físicas inquilinas residentes en Galicia segundo residen ou non no concello da vivenda en alugueiro. Ano 2025*Unidade: porcentaxe*

Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia ([descarga da táboa](#)).

Nota: considerarase que unha persoa inquilina reside nun concello diferente ao da vivenda en alugueiro cando, polo menos, unha das vivendas no que figura como inquilina está situada nun concello distinto ao de residencia da persoa

Distribución das persoas físicas inquilinas residentes nun concello distinto do da vivenda alugada segundo o tipo de alugueiro . Ano 2025

Unidade: porcentaxe




Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia ([descarga da táboa](#)).

Nota: considerárase que unha persoa inquilina reside nun concello diferente ao da vivenda en alugueiro cando, polo menos, unha das vivendas no que figura como inquilina está situada nun concello distinto ao de residencia da persoa

Entre as persoas físicas residentes en Galicia que viven de alugueiro, a maioría está afiliada á Seguridade Social e mutualidades: 77,7% do total. O segundo grupo máis numeroso é o "Resto" (9,6% do total), que inclúe, entre outros, os e as estudantes, seguido da poboación que percibe unha pensión contributiva da Seguridade Social, que representa o 9,0% do total de persoas físicas residentes en Galicia que viven de alugueiro.

Distribución segundo a relación coa actividade económica das persoas inquilinas de vivendas en alugueiro residentes en Galicia. Ano 2025

Unidade: porcentaxe




Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia ([descarga da táboa](#)).

A distribución por sector de actividade das persoas afiliadas á Seguridade Social e mutualidades residentes en Galicia e inquilinas dunha vivenda en alugueiro amosa unha clara predominancia do sector servizos. No ano 2025, o 81,3% das persoas físicas inquilinas afiliadas á Seguridade Social e mutualidades e residentes en Galicia desenvolven a súa actividade no sector servizos, fronte ao 2,2% que traballan no sector da agricultura e da pesca.

Persoas físicas residentes en Galicia inquilinas de vivendas en alugueiro e afiliadas á Seguridade Social e mutualidades segundo sector de actividade. Ano 2025

Unidade: persoas



Fonte: IGE. Caracterización socioeconómica das persoas propietarias e inquilinas que alugan vivendas en Galicia ([descarga da táboa](#)).

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Número de persoas propietarias e fianzas segundo tipo de persoa
- Número de persoas propietarias e fianzas segundo tipo de persoa e tipo de alugueiro
- Persoas físicas residentes en Galicia propietarias de vivendas en alugueiro segundo a súa relación coa actividade económica. Datos municipais
- Persoas físicas residentes en Galicia propietarias de vivendas en alugueiro segundo a súa relación coa actividade económica e sexo
- Persoas físicas residentes en Galicia propietarias de vivendas en alugueiro segundo residan no mesmo concello que alugan ou en distinto concello
- Persoas físicas residentes en Galicia propietarias de vivendas en alugueiro que perciben unha pensión contributiva da Seguridade Social segundo o réxime de cotización anterior
- Número de persoas inquilinas e fianzas segundo tipo de persoa
- Número de persoas inquilinas e fianzas segundo tipo de persoa e tipo de alugueiro

- Persoas físicas residentes en Galicia inquilinas de vivendas en alugueiro segundo residan no mesmo concello que alugan ou en distinto concello
- Persoas físicas residentes en Galicia inquilinas de vivendas en alugueiro segundo a súa relación coa actividade económica e sexo
- Persoas físicas residentes en Galicia inquilinas de vivendas en alugueiro que están afiliadas á Seguridade Social segundo sector de actividade